



Aprendendo Bergantiños a través das camiñadas de carácter interpretativo.

Aprende camiñando sobre o noso patrimonio máis achegado.

Coida o teu entorno.

FARÉMOLO

- Pasaremos a xornada xuntas. A hora de chegada dependerá do volume de participantes, características do roteiro, climatoloxía, interpretación do patrimonio...
- Esquece o avituallamento: encargámonos nós del.
- Encargámonos tamén do transporte, dende os lugares de saída ata o comezo de andaina, e de volta ao remate da actividade.
- Achegarémonos á interpretación en cada punto de interese no roteiro grazas ao teu comportamento e á túa aportación.
- Por suposto, facemos piña, camiñaremos en grupo.

LEMBRA SEMPRE

- Puntualidade.
- Sé ecolóxico, aproveita ao máximo a actividade. Aportando e escoitando.
- Melloraremos a convivencia grazas a ti. Sé comprensiva cos problemas das demais persoas e respecta as normas das voluntarias e voluntarios da organización e Protección Civil.
- Lembra levar un calzado axeitado (a poder ser con membrana impermeable), roupa axeitada, mochila, impermeable, navalla, gorra, protección solar. A túa cámara de fotos tamén é importante.
- Para unha mellor interpretación dos percorridos e polo coidado do entorno, nalgúns roteiros as prazas poden ser limitadas.
- As actividades poden sufrir modificacións.
- Deixar o entorno como o atopas. Evita deixar pegadas innecesarias: nin deixes lixo, nin fagas barullo. Respecta aos habitantes das aldeas (animais e persoas). Deixa as cancelas como as atopas.
- Nunca saias do camiño.



SOMOS
VECINANZA
SOMOS
ASOCIACIÓN

LUGARES DE INSCRICIÓN Carballo

Base de Protección Civil
Edif. Ambulatorio Vello, 2º andar
L-V de 09:30 a 13:30h

Espazo da Natureza de Oza
X-V de 17:00 a 20:00h
Museo de Bergantiños
Mé. 17:00 a 19:00h

A Laracha
Dep. de Cultura e
Deportes do Concello
Prz. do Concello s/n, 2º
L-V de 9:30 a 13:30h

INSCRICIÓN

Data límite:

Ata 2 días antes de cada roteiro

Prezos:

Maiores: 6 €/ Socias: 3€

Menores: 3€/ Socias: 1€

INFORMACIÓN

sendanova@hotmail.com

www.sendanova.org

www.facebook/sendanova

Teléfono: +34 611 037 617

Prazas limitadas. As actividades poden sufrir modificacións.
As actividades realizaranse seguindo as medidas de protección
vixentes en materia de prevención contra o COVID 19.
Achégate coa mascarilla e respecta as indicacións da
organización nesta materia.

9º
O OUTONO
en
MARChA
de SendaNova

18 OUTUBRO
SENDA DAS CAPELAS
A Laracha

25 OUTUBRO
**RAZO-BALDAIO PARA
PROTEXER**
Carballo

8 NOVEMBRO
VÍA ALCAIANUS
Coristanco-Carballo

15 NOVEMBRO
PEGADAS DO VOLFRAMIO
Carballo - Malpica

22 NOVEMBRO
TERRAS DO MARQUÉS
Carballo

29 NOVEMBRO
RTA DAS FÉRVEDAS
Carballo

Organiza



Colaboran



18 OUTUBRO

16 KM. ★★★

SENDA DAS CAPELAS

A Laracha
Terra de zapateiros no interior profundo da Laracha

Polo interior máis profundo do concello da Laracha alóngase unha das parroquias máis grandes da comarca. Montemaior é a única parroquia pola que camiña unha ruta salpicada de capelas. Algunha destas construcións enmárcanse en fermosos paraxes de silencio e en varias delas afloran lendas e tradicións nas que aínda latexan cultos precristiáns. Como nexo do percorrido, o curtidouro de Cumiáns. Un agradable espazo de 1852 acompañado de cabazo, casa e muíño en funcionamento. Un lugar detido no tempo e en plena consonancia con esta terra de zapateiros.

BUS / CONCELLO DA LARACHA [08:30] / CARBALLO, RÚA VENEZUELA [08:15] / CONCELLO CORISTANCO [08:00]

25 OUTUBRO

14 KM. ★★★

RAZO-BALDAIO PARA PROTEXER

Carballo
Ecoloxía e paisaxe no Espazo Natural

Achegamento á espectacular paisaxe marítima do concello de Carballo, a cal se contempla case integramente. Xeoloxía, cultura e biodiversidade nun espazo natural que alberga un dos sistemas dunares mellor conservados da Galiza. Unha zona húmida que acolle interesantes especies de avifauna e como non, un dos areas máis extensos cun berce de luxo para a Píllara das Dunas.

BUS / CONCELLO DA LARACHA [08:00] / CARBALLO, RÚA VENEZUELA [08:15] / CONCELLO CORISTANCO [08:00]



8 NOVEMBRO

19 KM. ★★★

VÍA ALCAIANUS

Coristanco-Carballo
Tra-las pegadas romanas desde a Lagoa de Alcaíán

A Lagoa de Alcaíán é un dos máis importantes humidaes de Bergantiños e tamén o inicio dunha vía que pretende seguir os pasos dos camiños antigos, posiblemente de orixe romana. A Ponte Lubián é un dos puntos estratéxicos dunha senda con continuo desnivel negativo que atravesa castros, pazos e fermosas corredoiras antigas enmarcadas con especies autóctonas. Camiños cheos de historia que entran na capital bergantiñá desde o berce da mesma vila.

BUS / CONCELLO DA LARACHA [08:00] / CARBALLO, RÚA VENEZUELA [08:15] / CONCELLO CORISTANCO [08:30]

15 NOVEMBRO

17 KM. ★★★

PEGADAS DO VOLFRAMIO

Carballo - Malpica
Historias de meigas e volframio dende o balcón de Monteneme

Acompáñanos durante o percorrido o cheiro á historia a través do negro mineral tan prezado no 2º Guerra mundial. Monteneme é o balcón xefe de todo un itinerario para saçar proveito deste "Petón das meigas". Un polo de atracción ancestral como mostran as numerosas lendas e vestixios á carón deste punto estratéxico da xeografía da comarca. As casas das minas, o castro do Rodo e sobre todo, a paisaxe explosiva desde o bico do monte conforman unha das rutas máis fascinantes.

BUS / CONCELLO DA LARACHA [08:00] / CARBALLO, RÚA VENEZUELA [08:15] / CONCELLO CORISTANCO [08:00]

22 NOVEMBRO

14 KM. ★★★

TERRAS DO MARQUÉS

Carballo
Pazos señoriais nas fértiles agras de Bergantiños

Case no centro xeográfico do concello máis extenso de Bergantiños atópanse estas dúas fértiles parroquias carballesas. Ardaña e Artes conviven a través do alto da Peniqueira, un balcón natural cheo de encantos e de historia que alberga presenza megalítica e un dos maiores castros da bisbarra. Estas dúas áreas de sementeira foron o lugar ideal para establecer construcións fidalgas. Os pazos de Gontade, das Pallas e, o de máis sona, Vilar de Francos, son paradas estratéxicas dunha senda que cativa.

BUS / CONCELLO DA LARACHA [08:00] / CARBALLO, RÚA VENEZUELA [08:15] / CONCELLO CORISTANCO [08:00]

29 NOVEMBRO

15 KM. ★★★

RUTA DAS FÉRVEDAS

Carballo
Espectaculares saltos de auga que estoupan na Depresión Meridiana

A Depresión Meridiana é o compás que guía o percorrido desde Carballo ata a férveda de San Pao. Corredoiras cheas de encanto para unir saltos de auga formados pola citada valgada que percorre Galicia de norte a sur. Construcións relixiosas como as igrejas de Ardaña ou Entrecruces dividen un sinxelo itinerario a cabalo entre a montaña e os fértiles vales desta dúas parroquias e tamén da de Rus. O templo desta tamén nos acolle, e pasa por ser dos máis importantes da bisbarra, sorprendendo pola súa beleza e unha enxevaxe grandiosidade multiplicada polo estratéxico do emprazamento.

BUS / CONCELLO DA LARACHA [08:00] / CARBALLO, RÚA VENEZUELA [08:15] / CONCELLO CORISTANCO [08:00]

